



:: CRITERIOS DE REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE ::

Con este modelo preténdese dar ao profesorado unha guía para a realización da programación didáctica, que debe seguir os seguintes principios:

- Todas as programacións deben ser redactadas en galego. As programacións de linguas poden conter partes na correspondente lingua segundo o criterio do departamento.
- Todas as programacións deben presentarse en formato papel e informático, realizadas co procesador Word 6.0 ou superior, a unha soa cara numerada e nun único documento.
- Todas as programacións serán procesadas a formato pdf e publicadas na web do instituto para o seu xeral coñecemento.

Todas as programacións contarán cos seguintes **apartados**:

1. **Portada**, co nome da materia ou módulo, curso, nivel e departamento. Nesta portada tamén se indica o curso no que se realizou a programación e o curso actual. Se a programación é dunha materia impartida por máis de un profesor/a indicárase se existen documentos de homoxeneización e de calibración.
 - a. **Homoxeneización**: É o proceso que garante que se aplica o mesmo sistema de avaliación e, polo tanto, todos os alumnos/as que cursan esa materia son avaliados do mesmo xeito e cos mesmos criterios.
 - b. **Calibración**: É o sistema que garante que se aplican os mesmos criterios de corrección nun mesmo instrumento.
2. **Índice**.
3. **Introdución**, coa situación da materia, tipoloxía do alumnado, número de alumnos/as... No caso dos ciclos formativos debe indicarse se o módulo está asociado a unha unidade de competencia, sinalando cal.
4. **Recursos**, especificando os espazos, recursos didácticos materiais que se van a utilizar e a bibliografía recomendada para os alumnos/as.
5. **Relación de obxectivos/capacidades terminais** da materia (tal e como aparecen no correspondente currículo).
6. **Contidos**, indicando os conceptuais, procedementais e actitudinais que aparecen no correspondente currículo e os que determine o departamento. Cando as dotacións do instituto non permitan desenvolver algún dos contidos procedementais, deberá especificarse. En calquera caso, a relación dos contidos que se verán no curso debe ser realista e axustarse o máis posible ao currículo e aos obxectivos.

A relación de contidos debe articularse en bloques e unidades.

7. **Temporalización e secuenciación**:
 - a. Hai que indicar o número total de sesións no curso.
 - b. A temporalización especifica o número de sesións que se dedicarán a cada unidade didáctica. Para poder calculalo pódense consultar os pea103 do curso anterior.
 - c. A secuenciación indica a orde que se seguirá nas unidades e o momento do curso en que se impartirán.

Recomendamos poñer a temporalización/secuenciación nunha táboa como a que segue:

Trimestre	Bloque temático/Unidade didáctica	Temporalización
1º	Bloque 1: Introducción aos medicamentos	12 sesións
	Unidade didáctica 1: Os medicamentos	4 sesións
	Unidade didáctica 2: O etiquetado	4 sesións
	Unidade didáctica 3: Medicamentos veterinarios	4 sesións



Na temporalización deben terse en conta as sesións dedicadas a avaliacións e actividades complementarias e extraescolares.

8. **Avaliación:** Deberase especificar:

- a. **Contidos mínimos**, que son os que deben dominar os estudantes para acadar a cualificación de 5.
- b. **Criterios de avaliación (QUE)**, que son enunciados que determinan a información relevante para comprobar o grao de consecución dos obxectivos. Aparecen nos currículos como criterios de avaliación ou realización. No caso dos ciclos deben especificarse os criterios de realización que aparecen na unidade de competencia á que está asociado o módulo. Como no caso dos contidos, os criterios de avaliación deben ser realistas.
- c. **Instrumentos e sistema de avaliación (CON QUE-CANDO-COMO)**. Que son as ferramentas das que se vale o docente para recoller a información sobre o grao de consecución dos obxectivos, como exercicios escritos, orais, cuestionarios, rexistros de incidencias, follas de traballo, cadernos de clase, traballos grupais ou individuais. Deben especificarse claramente todos os instrumentos que se van utilizar ao longo do curso e o sistema de avaliación que se vai seguir, é dicir, que instrumentos se van utilizar en cada momento e o valor relativo de cada un.

Como se ve, os instrumentos e sistema vai referido segundo a secuenciación de tal xeito que o estudante sabe como se vai a proceder no sistema de avaliación continua.

- d. **Criterios de cualificación (COMO)**: Trátase de especificar do xeito máis concreto posible como se vai a obter a cualificación parcial e final de cada alumno/a, establecendo o **sistema de cualificación** (ponderación a cada un dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais), e os **criterios de corrección** dos instrumentos (por exemplo, especificando en cada proba o criterio seguido).
- Os criterios de cualificación son máis xerais e referidos ao conxunto da materia/módulo.
- e. **Sistema de recuperación** que se vai seguir.
 - f. **Indicador de rendemento**, referido á porcentaxe de estudantes que superan, en cada unha das sesións de avaliación, a materia/módulo.

En todo o proceso avaliador hai que garantir a obxectividade do proceso.

9. **Metodoloxía didáctica** que se vai empregar, describindo, polo miúdo e dun xeito claro, os métodos didácticos que se van seguir dependendo do tipo de contidos.
10. **Actividades de aula** (se non se especifican xunto cos contidos).
11. **Temas transversais**.
12. **Atención aos alumnos/as con necesidade de apoio educativo** (necesidades educativas especiais e diversidade).
13. **Avaliación de pendentes e alumnos/as en recuperación**.
14. **Actividades complementarias e extraescolares previstas**, indicando datas aproximadas.
15. **Identificación do profesor/a que a realizou co visto e prace do xefe de departamento e data**.

As programacións serán revisadas pola xefatura de estudos e devolveranse as que non cumpran este modelo.